

## CARTA ABERTA

«Pedimos medios para poder enfrentarnos na residencia a posibles contaxios»

**S**on a directora dunha residencia e quixera facer unha reflexión sobre o que estamos pasando os traballadores e traballadoras dos centros de maiores. Son momentos

difíciles para todos, pero varios colectivos atopámonos desamparados. Non temos medo polo que nos vai pasar, e impotencia por non poder protexer a xente que confiou en nós para vivir os seus últimos anos, e medo a defraudar aos que puxeron nas nosas mans aqueles aos que máis queren, os seus pais e nais. Os nosos residentes non están de paso, non son un número; son persoas coas que convivimos moito tempo, son familia.

Sufrimos por eles e con eles, temos medo de que lles pase algo malo; e, aínda que sabemos que son maiores, nunca estaremos preparados para que se vaian. Todos teñen unha historia, unha familia, un pasado cheo de sacrificios; e parece que agora, que é cando nos precisan, non lles queremos dar un futuro. Pedimos medios para poder enfrentarnos a posibles contaxios, que somos conscientes que en algún momento teremos, queremos EPIs, luvas, mascarillas, xeles...

Queremos protexelos e protexernos. Queremos que se algún se infecta teñamos a capacidade suficiente entre todos para illalo e protexer o resto.

Queremos que os leven a un hospital para que os coiden axeitadamente. Queremos que nos fagan as probas e se axilicen os diagnósticos. Queremos que cando todo isto remate os poidades volver abrazar. Axuxádenos!!!

FDO: FÁTIMA FERNÁNDEZ, DIRECTORA DA RESIDENCIA E DO CENTRO DE DÍA DE FOZ.



Residencia de Foz. P. LOSADA

## «Que las familias nos llamen siempre que quieran para preguntar, que no nos molestan»

Unos 120 ancianos están confinados en Betania, en Viveiro

**LUCÍA REY**  
VIVEIRO / LA VOZ

En estos días de temores e incertezas por la crisis del coronavirus, la directora de la Residencia Betania de Viveiro, sor Teresa, lanzó este viernes un mensaje de tranquilidad y de ánimo a las familias de los alrededor de 120 ancianos que viven habitualmente en ella. «Que las familias nos llamen siempre que quieran para preguntar por sus familiares, que no nos molestan», explicó la religiosa, que indicó que el personal del asilo facilitará la comunicación telefónica con todos aquellos residentes pueden hacer uso del teléfono. Y sobre los mayores más dependientes destacó que dará información a las familias siempre que estas lo demanden. «Por ahora estamos todos bien y las familias llaman mucho», subrayó la religiosa, que indicó que el centro -al igual que todos los geriátricos- permanece cerrado a las visitas desde que las autoridades decretaron el confinamiento. Las únicas personas que entran son los aproximadamente 32 trabajadores, respetando todas las medidas de higiene y prevención para prevenir el contagio del COVID-19, y los proveedores.

En relación con el estado anímico de los ancianos, subrayó que el personal intenta que estén entretenidos para que sobre-



En todas las residencias promueven las llamadas con las familias. P. L.

Cuesta encontrar material aséptico, aceptan donaciones de mascarillas y guantes

lleven lo mejor posible estos días en los que no pueden recibir visitas de familiares y buena parte de las noticias de los medios de comunicación generan alarma. En cuanto al material aséptico, precisó que les ha costado conseguir, entre otros, mascarillas y guantes porque estaban agotados. Parece que a principios de la semana que viene recibirán un pedido que tienen en-

cargado, pero aceptan de buena gana donaciones de este tipo de material.

### Tranquilidad en la Domusvi

Mientras, en la residencia Domusvi, situada también de Viveiro, que dispone de 150 plazas residenciales, la situación también es tranquilizadora por ahora pese al coronavirus. Fuentes de la empresa indicaron, entre otros, que se están tomando todas medidas de prevención e higiene establecidas, que las visitas llevan días prohibidas y que el personal intenta, en la medida de lo posible, que los residentes hagan «vida normal». Fomentarán las videollamadas.

**Odontología y Estomatología**

**ORTODONCIA**

**Dr. Juan Manuel Seoane Romero**  
Especialista en Ortodoncia (Universidad de Oviedo)  
Tel.: 982 25 44 90  
Ronda da Muralla 29-30, 1º B- LUGO

**CLÍNICA DENTAL**

**DR. LUIS LÓPEZ FERNÁNDEZ**  
Estomatólogo - Implantantes  
**MARÍA PENÍN GARCÍA**  
Odontóloga - Ortodoncia  
NUEVA DIRECCIÓN C-27-000868  
C/ García Abad, 6-10 entlo.1 • T. 982 24 31 15

**DR. VILLAMARÍN**

MÉDICO ODONTÓLOGO  
Cirugía bucomaxilar e implantes  
C/ Ángel López Pérez, 10 entlo. E  
982 25 02 94 • www.clinicavillamarin.es  
C-27-000399

**CLÍNICA DENTAL PUERTA SANTIAGO**

**JOSÉ QUIROGA GARCÍA**  
Médico estomatólogo / Col. 820  
**MAYTE QUIROGA CASTRO**  
Odontóloga - Endodmista / Col. 1.152  
**JOSÉ MANUEL QUIROGA CASTRO**  
Odontólogo - Ortodoncista / Col. 1.210

Implantes dentales - Cirugía oral  
Odontología general  
Odontopediatría  
Ortodoncia/Estética  
Endodoncia microscópica

www.clinicadentalpuertasantiago.com  
Rúa Cidade de Viveiro, 3 bajo. LUGO  
R.S. C-27-000868 982 25 15 50

### AMOR AOS MAIORES NO TEMPO DO COVID19

«Aplauso ás traballadoras da residencia de maiores de Ferreira do Valadouro»

**D**e volta despois dun parón debido ó traballo intenso de presentadora en Un País en 360 (TVG). No meu encerro, nada mellor que comunicarme có mundo a través deste escaparate, as miñas columnas. Ésta é a primeira das miñas reflexións deste «Amar en Tempos do Covid».

No confinamento pasamos o 19M. Día de todos os pais e penso en Antonio, o meu avoíño. Pais de pais, os nosos maiores. O meu todo no último tempo padecía Alzheimer. Tiven que deixar varios traballos e pasar media vida na estrada para atenderlo, ademais de contratar os servizos de coidadoras. Finalmente vinme obrigada a pedir auxilio ás que realmente sabían, ás profesionais da Residencia de maiores do Valadouro.

Agora, máis que nunca, estou firmemente segura de que ningún ancián pode vivir só, separado do resto do mundo, aínda que viva na casa na que supostamente ten que morrer porque naceu alí. De-



Estibaliz Veiga

be vivir onde lle atendan como persoa débil e grupo de risco que é. O Corona Vírus deixao ben claro. Quero axudar a aqueles que hoxe, por lei, se expoñen a un longo período de desidia e tristeza.

Un home de 90 anos non pode estar vivindo só en condición de precario, exposto a que a pandemia o converta nunha illa de soidade. Agora xa foi, obviamente, estamos na obriga de non visitalos nin expo-

ñelos a contaxios, pero para no futuro poder mellorar como sociedade, isto ten que mudar. Responsabilidade non só agora, sempre. Ás familias dos maiores que están vivindo nestas circunstancias, a ver se esta situación lles fai «resetear» e se fan cargo deles, sexa levándoos consigo ou axudándose nas residencias. Creo que están demostrando sentir verdadeiro amor polas persoñas que atenden, expoñéndose a contaxiarse, cos ánimos polo chan pero levántolles ós seus «abueliñ@s» ós ceos. O meu forte aplauso ás traballadoras da residencia do Valadouro. O gañan tamén diariamente, a miña profunda admiración para este colectivo.